

## **ESTATUTOS**

### **CAPÍTULO PRIMEIRO**

#### **Da Asociación en xeral**

Artigo 1º. – No municipio de Lugo, constitúese unha asociación que se denominará “IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO” e que se ha rexer pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo e normas complementarias.

Artigo 2º. – Son fins da asociación:

- a) Contribuír a mellora das condicións de vida das comunidades máis pobres do mundo a través de programas que contribúan ao desenvolvemento.
- b) Promover un concepto de desenvolvemento que se basee na superación da discriminación de xénero.
- c) Intentar Acadar un maior nivel de concienciación da comunidade galega, española e do primeiro mundo en xeral cara ás necesidades da persoas máis pobres do mundo de maneira que exista tamén máis implicación.
- d) Colaborar con outras Organizacións Non Governamentais, tanto para a recadación de fondos como para a aplicación dos programas de desenvolvemento.
- e) Acadar unha maior implicación do sector empresarial na colaboración coas comunidades máis desfavorecidas.
- f) A Asociación non ten fins lucrativos.

Artigo 3º. – O domicilio da Asociación radicará en R/Monte Cuadramón, 8-2º, 27003, Lugo.

Artigo 4º. – A Asociación desenvolverá as súas actividades no ámbito territorial de Galicia, terá unha duración indefinida e só se disolverá por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria e por calquera das causas previstas nas leis.

Artigo 5º. – A Xunta Directiva será o órgano competente para interpretar os preceptos recollidos nos Estatutos, mais someterase sempre á normativa legal vixente en materia de asociacións.

Estes estatutos levaranse á práctica e cumpriranse mediante o acordo que, de xeito válido, acorden a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dentro das súas respectivas competencias.



## CAPÍTULO SEGUNDO

### Dos Órganos Directivos e da Forma de Administración

Artigo 6º. – A dirección e a administración da Asociación exerceranas a/o Presidenta/e, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

Artigo 7º. – A/O Presidenta/e da Asociación asume a representación legal da devandita e executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral. Tamén presidirá as sesións que estas celebren.

Artigo 8º. – A Xunta Directiva estará formada por unha/un Presidenta/e, unha/un Vicepresidenta/e , unha/un Secretaria/o ou unha/un Vicesecretaria/o, unha/un Tesoureira/o e un número de Vogais que corresponderá ao número de grupos ou equipos de voluntariado.

Artigo 9º.- Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos, elixiraos a Asemblea Xeral e durarán un período de dous anos, aínda que poden ser obxecto de reelección.

Os cargos da Xunta Directiva renovaranse por metade. Na primeira quenda renovaranse a/o Vicepresidenta/o, a/o Vicesecretaria/o e a metade das/os Vogais; e no segundo, ao ano seguinte, a/o Presidenta/e, a/o Secretaria/ou, a/o Tesoureira/o e outra metade das/os Vogais.

Artigo 10º. – É función da Xunta Directiva programar e dirixir as actividades sociais e levar a xestión administrativa e económica da Asociación, someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así coma o estado de contas do ano anterior.

Artigo 11º. – A Xunta Directiva celebrará as súas sesións tantas veces como determine a/o Presidenta/e, por iniciativa propia ou a petición de calquera da/os súas/seus compoñentes. Será presidida pola/o Presidenta/e e, na súa ausencia e por esta orde, pola/o Vicepresidenta/e, ou pola/o Secretaria/o. En caso da falta dos tres cargos, será presidida pola persoa integrante da Xunta de máis idade.

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría dos votos das/os asistentes. Será necesaria, polo menos, unha concorrencia de catro das/os súas/seus integrantes. A/O Secretaria/o ou, no seu defecto, a/o Vicesecretaria/o, levantará acta das sesións, que se transcribirá ao libro de actas.

Artigo 12º. – As/Os integrantes da Xunta Directiva presidirán as posibles Comisións que a Xunta Directiva acorde constituír, co fin de delegar nelas certas funcións concretas ou de conseguir información que sexa necesaria. Ademais, formarán parte das devanditas



Comisións, o número de vogais que acorde a Xunta Directiva, a propostas das/os respectivas/os presidentas/es.

Artigo 13º. – A/O Presidenta/e da Xunta Directiva terá, ademais das facultades asignadas no Art. 7º, as seguintes atribucións:

- a) Convocar e levantar as sesións que celebren a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.
- b) Dirixir as deliberacións dos dous órganos anteditos e decidir co voto de calidade en caso de empate.
- c) Propoñer o plano de actividades da Asociación á Xunta Directiva, así como impulsar e dirixir as tarefas desta.
- d) Ordenar os pagamentos acordados de xeito válido

A/O Presidenta/e estará asistida/o nas súas funcións pola/o Vicepresidenta/e, que ademais a/o substituirá nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade.

Artigo 14º. – A/o Secretaria/ou ten facultades para certificar. Recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro de Rexistros das/os Socias/os e terá ao seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade. A/O Vicesecretaria/o a/o axudará nas súas funcións e substituirá nas súas ausencias.

Artigo 15º - A/o Tesoureira/o recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación e dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida a/o Presidenta/e. Do mesmo xeito, formalizará o orzamento anual de ingresos e gastos, así coma o estado de contas do ano anterior, que se deben presentar á Xunta Directiva para que esta, á súa vez, os someta á aprobación da Asemblea Xeral.

Artigo 16º, a) Cada un/a das/os compoñentes da Xunta Directiva terá os deberes propios do seu cargo, así como os que lle nazan das delegacións ou comisións que a propia Xunta cree.

A/O Secretario e, no seu caso, a/o Vicesecretaria/o velará polo cumprimento das disposicións legais vixentes en materia de asociacións. Deste xeito, custodiará a documentación oficial da entidade e fará que se cursen á Delegación Provincial de Xustiza, Interior e Relacións Laborais as comunicacións sobre a designación da Xunta Directiva, a celebración de Asembleas Xerais, os cambio de domicilio, a formalización do estado de contas e a aprobación dos orzamentos anuais.

Artigo 16º, b) – As/Os integrantes da Xunta Directiva cesarán na súa función polas seguintes causas:

1. Por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva.
2. Por expiración do mandato.
3. Por incumprimento das obrigacións que tiña encomendadas.



Nos casos 1) e 2) continuarán nos seus cargos ata o momento no que se produza a aceptación de quen os substitúa.

Artigo 17º – A Asemblea Xeral, integrada por todas/os as/os socias/os, é o órgano supremo da Asociación e reunirse sempre que o acorde a Xunta Directiva, por propia iniciativa ou porque o acorde a décima parte das súas socias/os.

Obrigatoriamente, a Asemblea Xeral deberá ser convocada en sesión ordinaria unha vez ao ano para aprobar o Plano Xeral de Actuación da Asociación, censurar a xestión da Xunta Directiva, aprobar, no seu caso, os orzamentos anuais de ingresos e gastos, así como o estado das contas correspondentes ao ano anterior e cantas outras se sometan a votación no capítulo de rogos e preguntas. A participación na Asemblea Xeral poderá realizarse de xeito presencial ou virtual.

Artigo 18º – A Asemblea Xeral reunirse en sesión extraordinaria cando as disposicións vixentes o esixan ou cando así o acorden as/os integrantes da Xunta Directiva ou en calquera caso para coñecer das seguintes materias: disposición ou alleamento de bens, nomeamento da Xunta Directiva, modificación dos Estatutos e disolución da Asociación, expulsión de socias/os por proposta da Xunta Directiva e a solicitude de Declaración de Utilidade Pública. Tamén se reunirá cando o pida a décima parte das/os socias/os. Tamén é da súa competencia a Constitución de Federacións ou a súa integración nelas. A participación na Asemblea Xeral Extraordinaria poderá realizarse de xeito presencial ou virtual.

Artigo 19º – As convocatorias de Asembleas Xerais, tanto as ordinarias como as extraordinarias, faranse por escrito, con mención expresa do lugar, data e hora da reunión, así coma a orde do día. Entre a primeira convocatoria e o día haberá polo menos corenta e oito horas, e en segunda convocatoria media hora máis tarde.

Artigo 20º – As Asembleas Xerais Ordinarias ou Extraordinarias quedarán constituídas de xeito válido en primeira convocatoria cando concorran a elas a maioría das/os socias/os de xeito presente, e na segunda cando se presente unha décima parte das/os asociadas/os concorrentes.

Artigo 21º – Os acordos das Asembleas Xerais ordinarias adoptaranse por maioría das/os socias/os presentes e nas Asembleas Xerais extraordinarias serán válidos co voto favorable das dúas terceiras partes das/os socias/os presentes ou representadas/os na Asemblea.

Artículo 22º – Poderán ser integrantes da Asociación as persoas físicas, con capacidade de obrar e maiores de 18 anos, que dalgún xeito teñan interese en servir aos fins da mesma e sexan admitidos pola Xunta Directiva, que poderá outorgar o nomeamento de integrante honorífica/o ás persoas que estime oportuno, sen que isto implique a condición xurídica de socia/o.

Artigo 23º – Aquel/a que desexe pertencer á Asociación solicitarao por escrito á/o Presidenta/e, que dará conta á Xunta Directiva. Esta resolverá sobre a admisión ou inadmisión da/o solicitante con recurso ante a Asemblea Xeral.

Artigo 24º – As/os socias/os poderán solicitar a baixa da Asociación voluntariamente, pero isto non os eximirá de satisfacer as obrigacións que teñan pendentes con ela.

A Xunta Directiva poderá separar da Asociación a aquelas/os socias/os que cometan actos que as/os fagan indignas/os de seguir pertencendo a ela. A separación irá precedida de expediente, no que deberá ser oída/o a/o interesada/o e poderá presentarse recurso contra a decisión da Xunta Directiva na primeira Asemblea Xeral que se celebre.

Artigo 25º – As/os integrantes da Asociación terán os seguintes dereitos:

- a) Participar nas actividades que promova a Asociación.
- b) Exercer o dereito de voz e voto nas Asembleas Xerais.
- c) Ser nomeada/o integrante da Xunta Directiva na forma que prevén os Estatutos.
- d) Posuír un exemplar destes Estatutos e ter coñecemento dos acordos adoptados polos órganos directivos.
- e) Coñecer o estado das contas e dos ingresos e gastos da Asociación todos os anos.
- f) A baixa de forma voluntaria.

Artigo 26º – As/os socias/os poderán ser sancionadas/os pola Xunta Directiva por infrinxir reiteradamente estes Estatutos ou os acordos da Asemblea Xeral ou da Xunta Directiva. As sancións poderán comprender desde a suspensión dos seus dereitos durante un mes ata a separación definitiva da Asociación, nos termos que prevé o artigo 24.

Artigo 27º – Serán obrigas de todas/os socias/os:

- a) Acatar estes estatutos e os acordos validamente adoptados pola Asemblea Xeral.
- b) Abonar as cotas periódicas, no caso de que se acorde algunha coa Asemblea Xeral.
- c) Desempeñar fielmente as obrigas inherentes ao cargo que desempeñe.

## CAPÍTULO TERCEIRO

### Do réxime económico

Artigo 28º – A Asociación carece de patrimonio á hora de constituírse e o límite máximo do seu orzamento anual será de 300.000 €.

Artigo 29º – Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento das súas actividades serán os seguintes:

- a) Os produtos de bens e dereitos que lle correspondan, así coma os legados, subvencións, doazóns que poida percibir de xeito legal.
- b) Os ingresos que obteña a Asociación mediante as actividades lícitas que acorde realizar a Xunta Directiva, sempre dentro dos fins estatutarios.

Artigo 30º – a) A administración dos fondos da Asociación levarase a cabo coa publicidade suficiente de maneira que permita a correspondente información e intervención, co fin de que todas/os as/os socias/os poidan coñecer periodicamente o destino dos fondos da Asociación.

– b) O exercicio asociativo e económico será anual e o seu peche terá lugar o 31 de decembro de cada ano (opcional). Así, o seu orzamento será anual e deberá ser aprobado pola Asemblea Xeral Ordinaria do exercicio económico que corresponda e a liquidación do orzamento terase que presentar necesariamente na Asemblea Xeral Ordinaria inmediata ao remate do exercicio.

Artigo 31º – A Asociación disolverase polas seguintes causas:

1. Pola vontade das 2/3 partes d@s asociad@s.
2. Por outras causas determinadas legalmente.
3. Por sentenza xudicial.

Acordada a disolución, a Asemblea xeral extraordinaria designará tres asociadas/os liquidadoras/es, que xunto ao/á Presidente/a, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

O patrimonio resultante de disolución destinarase na súa totalidade a algunha das entidades consideradas como entidades beneficiarias do mecenazgo a aos efectos previstos nos artigos 16 a 25, ambos inclusive, da Lei 49/2002, de 23 de decembro, do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenazgo e que están dedicadas a fins de interese xeral e que sexan análogos os da presente asociación.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da asociación.



En proba e conformidade con este proxecto de Estatutos, asinan todos os membros constituíntes da Asociación que se propón.

DILIXENCIA – Estes estatutos foron modificados para adaptalos ás previsións da Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo, por acordo da Asemblea Xeral extraordinaria celebrada o día 12 de febreiro de 2004.

DILIXENCIA – Estes estatutos foron modificados para adaptalos aos requisitos de Utilidade Pública, por acordo da Asemblea Xeral ordinaria celebrada o día 14 de maio de 2011.

DILIXENCIA – Estes estatutos foron modificados para adaptalos á posibilidade da asistencia ás asembleas de xeito virtual, por acordo da Asemblea Xeral extraordinaria celebrada o día 11 de xuño de 2023.

Visto bo,

A Presidenta

Margarita Romero Lorenzo

Asdo:

A Secretaria

Mercedes Peón Mosteiro

Asdo: